

# XOVES I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** queremos informarvos da actualidade do novo Programa de Investigación e Innovación da UE, **Horizon 2020**.

Horizon 2020 é o principal instrumento co que contará a UE para abordar os principais retos sociais, promover o liderado industrial e reforzar a excelencia da súa base científica a través da investigación e a innovación no período 2014-2020. Cun orzamento de 78.6 millóns de euros (**H2020 budget factsheet**), Horizon 2020 integra por primeira vez todas as fases da cadea de innovación, dende a xeración do coñecemento ata as actividades máis próximas ao mercado. O programa céntrase en 3 piares: **Ciencia Excelente**, **Liderado Industrial** e **Retos Sociais**, E completase con: as accións do **Centro Común de Investigación (JRC)**, o **Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT)** e as accións transversais **Spreading excellence and widening participation** e **Science with and for society**.

O lanzamento das primeiras convocatorias está previsto para o 11 de decembro de 2013. A CE publicou na Web oficial do Programa os **programas de traballo** 2014 -2015, que rexerán estas convocatorias, co fin de que os potenciais solicitantes poidan preparar con antelación as súas propostas.

Por outra banda, Horizon 2020 presentouse oficialmente en España o pasado 11 de novembro na **7ª Conferencia do Programa Marco para Investigación e Innovación da UE**, organizada polo CDTI e o MINECO, coa colaboración da Comisión Europea. Neste encontro deuse a coñecer o portal <http://eshorizonte2020.es/>, creado co obxectivo de facilitar a participación española no novo Programa Marco. Todas as **presentacións da Conferencia**, así como a **Guía rápida H2020**, están dispoñibles no novo portal.

Por último, informarvos de que a CE acaba de lanzar dúas convocatorias, unha dirixida a **persoas físicas** e outra a **entidades**, para a elaboración dunha **base de datos de expertos independentes** que poidan asistir aos servizos da Comisión en tarefas relacionadas con Horizon 2020. Participar como experto independente é unha moi boa oportunidade para coñecer como traballan as institucións europeas, trasladando esta experiencia ás propostas propias e mellorando así as posibilidades de éxito.

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

¡Ata o próximo xoves!